

## Á Presidencia do Parlamento

Os Grupos parlamentarios abaixo asintantes solicitan á Mesa da Cámara que dea curso á **seguinte solicitude de consulta aos servizos xurídicos do Parlamento Galego relativa á elección e nomeamento do consello de administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación CRTVG).**

A Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza regula nos seus Artigo 14, 23 e 32, a elección e nomemanto do consello de administración da CRTVG, da directora ou director xeral e a aprobación do mandato marco. En concreto estes artigos establecen o seguinte:

### *“Artigo 14. Elección e nomeamento do consello de administración*

*1. Os membros do consello de administración son elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se esta maioría non se acada no prazo de tres meses desde a primeira votación, abondará para a elección unha maioría de tres quintos.*

*2. Os candidatos propostos polos grupos parlamentarios deben ser persoas con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio. Terase en conta a pluralidade cultural, ideolóxica e política e procurárase o equilibrio de xéneros.*

*3. Os candidatos propostos polos grupos parlamentarios deberán comparecer ante a comisión correspondente na forma que determina o Regulamento da Cámara, co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo.*

4. *A xunta xeral de accionistas nomeará os membros do consello de administración elixidos polo Parlamento de Galicia.*

5. *As vacantes serán cubertas na forma que determinan as alíneas anteriores, respectando a pluralidade de orixe. O mandato dos novos conselleiros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos que substitúen.”*

**“Artigo 23. A directora ou o director xeral**

1. *A directora ou o director xeral exercerá de forma permanente as funcións de administración e representación da Corporación RTVG que lle confiren esta lei e os estatutos sociais.*

2. *A directora ou o director xeral é elixido polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. No caso de non acadarse a maioría de dous terzos nunha primeira votación, o Parlamento de Galicia poderá volver someter a votación o mesmo candidato transcorrido un mes desde a primeira votación, e neste caso abondará para a súa elección a maioría dos tres quintos do Pleno da Cámara. Será nomeado polo consello de administración na súa primeira sesión.*

3. *O cargo de directora ou director xeral terá unha duración de cinco anos, e poderá ser reelixida ou reelixido no cargo unha vez por período de idéntica duración.*

4. *Esgotado o mandato, a directora ou o director xeral continúa no exercicio das súas funcións ata o nomeamento da nova persoa elixida para o cargo.”*

**Artigo 32. Mandato marco**

*Os obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación RTVG estableceranse normativamente, a través do correspondente mandato marco, para un período de nove anos. O mandato marco deberá ser aprobado polo Parlamento de Galicia por unha maioría de dous terzos. De non acadarse a maioría de dous terzos, e logo da inclusión do asunto na orde do día dun próximo pleno, o mandato marco será aprobado por unha maioría de tres quintos. No suposto de non resultar aprobado nesta segunda votación, incluíríase o tema nunha próxima sesión plenaria e resultaría aprobado se acadase a maioría absoluta dos membros da Cámara”.*

Ademais, as disposicións transitorias cuarta e quinta regulan os prazos do nomeamento de cargos e de aprobación do primeiro mandato marco dende a entrada en vigor da lei, establecendo textualmente que **a elección da directora ou do director xeral e demais membros do consello de administración deberá realizarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei e o primeiro mandato marco previsto no artigo 32 desta lei será tramitado e aprobado polo Parlamento de Galicia nos prazos previstos para a primeira elección da directora ou do director xeral e demais membros do consello de administración.**

Concretamente estas disposicións establecen o seguinte:

***“Disposición transitoria cuarta.– Nomeamento dos cargos da Corporación Radio e Televisión de Galicia***

*1. A elección da directora ou do director xeral e demais membros do consello de administración deberá realizarse no prazo máximo de seis meses desde a*

*entrada en vigor desta lei. Non obstante, o seu nomeamento producirase na data na que a corporación adquira personalidade xurídica.*

*2. No prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei, a Mesa do Parlamento aprobará, consonte o Regulamento da Cámara, as normas reguladoras do procedemento para a elección da directora ou do director xeral e dos membros do consello de administración.*

*3. Este procedemento deberá garantir que antes da expiración do prazo sinalado na alínea anterior, dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos membros da Cámara poidan solicitarlles aos órganos competentes a inclusión na orde do día do Pleno a elección dos devanditos órganos da corporación.*

***Disposición transitoria quinta.– Mandato marco***

*O primeiro mandato marco previsto no artigo 32 desta lei será tramitado e aprobado polo Parlamento de Galicia nos prazos previstos para a primeira elección da directora ou do director xeral e demais membros do consello de administración.”*

Pese a todo o davandito, a Mesa da Cámara acordou “iniciar o procedemento de elección dos 6 membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.”, conforme foi comunicado aos grupos parlamentarios en escrito con número de rexisto 17600 do 14 de xullo de 2015, sen iniciar o procedemento para a escolla de nova directora ou director xeral e sen que aos grupos parlamentarios que subscriben lles conste que se teña formulado ningunha proposta de mandato-marco nin se teñan previsto prazos para a súa aprobación.

Por estas razóns os grupos parlamentarios abaixo asinantes solicitan dos servizos xurídicos da cámara un informe sobre se, conforme ao establecido na disposición transitoria quinta da Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza, o *primeiro mandato debe ser tramitado e aprobado polo Parlamento de Galicia nos prazos previstos para a primeira elección da directora ou do director xeral e demais membros do consello de administración* e, por tanto, solicitan tamén un ditame sobre a validez do acordo da mesa de “iniciar o procedemento de elección dos 6 membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A” sen que se teñan iniciado os trámites para a aprobación do mandato marco.

Así mesmo solicitan un ditame sobre a validez do acordo da mesa de “iniciar o procedemento de elección dos 6 membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A” sen iniciar simultaneamente o proceso para a escolla da directora ou director xeral.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2015

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Grupo Mixto



**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 21/07/2015 12:56:21**

**Carmen Iglesias Sueiro na data 21/07/2015 13:01:11**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 21/07/2015 13:04:22**